

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA TELEMÁTICA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26 DE MARZO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

O día vinte e seis de marzo de dous mil vinte e un, a través da plataforma COUNCILBOX, ás dez horas e trinta e tres minutos comeza a sesión extraordinaria telemática, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local, convocada a través da sede electrónica do Concello. Preside a sesión o Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten os/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 15 DE MARZO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 15 de marzo de 2021, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 15 de marzo de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 3 de marzo de 2021, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2020/362). DOG núm. 51 do 16-03-2021.
- Anuncio do 3 de marzo de 2021, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2020/380). DOG núm. 51 do 16-03-2021.
- Orde do 9 de marzo de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade

Código do documento	Código do expediente
USG15I01GJ	USG/2021/56
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y6A 411A 6G4X 664Q 0OCW	

municipal integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT236A). DOG núm. 55 do 23-03-2021.

- Orde do 18 de marzo de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2020, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2021.
- Extracto da Resolución núm. 2021/8805, do 11 de marzo de 2021, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a realización de inversións de promoción económica durante o ano 2021. BOP núm. 52 do 18-03-2021.
- Resolución do 22 de marzo de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa DP0029: Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2021. BOP núm. 55 do 24-03-2021.
- Anuncio do 17 de marzo de 2021, do Consorcio As Mariñas, de aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao cuarto trimestre do ano 2020 que rexerá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 55 do 24-03-2021.
- Anuncio do 17 de marzo de 2021, do Consorcio As Mariñas, de aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao primeiro trimestre do ano 2021 que rexerá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 55 do 24-03-2021.
- Resolución do 23 de marzo de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa FO106: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021. BOP núm. 57 do 26-03-2021.
- Resolución do 24 de marzo de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa FOAI: Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico ou axentes de igualdade no ano 2021 (FOAI/2021). BOP núm. 57 do 26-03-2021.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Iglesias Becerra dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da concellería delegada da Área de Urbanismo:

"RESOLUCIÓNS DO 03.03.2021

Concedendo a J.C.S., a licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar, situada na rúa Leonzas, parroquia de Culleredo, (exp. UAU/2019/634).

RESOLUCIÓNS DO 04.03.2021

Declarando a J.T.C., primeiro, a caducidade da licenza municipal de obras concedida por resolución núm. 873 de 18.05.2017, sen que sexa precisa a tramitación do expediente ao que se refire o artigo 145.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo recoñecemento expreso do promotor, e segundo, concedendo unha nova licenza municipal de obras por caducidade da anterior para a construción dunha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar, nunha parcela situada na rúa da Telva s/n, parroquia de Almeiras. (exp. UAU/2016/687).

Código do documento	Código do expediente
USG15I01GJ	USG/2021/56
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y6A 411A 6G4X 664Q 0OCW	

Concedendo a M.S.L., a licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar, situada na rúa Marqueses de Almeiras, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2020/78).

RESOLUCIÓNS DO 05.03.2021

Declarando a L.A.D. e R.L.R. primeiro a caducidade da licenza municipal de obras concedida por resolución núm. 679 de 24.04.2017, sen que sexa precisa a tramitación do expediente ao que se refire o artigo 145.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo recoñecemento expreso dos promotores, e segundo, concedendo a licenza municipal de obras para a construción da vivenda unifamiliar no Lugar de Souto, parroquia de Orro (exp. UAU/2016/727).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 24 de febreiro de 2021, a comunicación previa presentada por M.M.M.U. para a construción dunha piscina de 7 X 3,50 M, nunha parcela situada no lugar de Barrio, parroquia de Sueiro, (exp. UAU/2020/313).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por M.B.G.S. para cambio de bañeira por plato de ducha vivenda situada en Pza. Daniel Rodriguez Castelao, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2020/133).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por M.C.S. para cambio de ventás en vivenda situada en R/ Pablo Iglesias, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2020/135).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por J.R.M. para cambio de ventás e reforma de baño en vivenda situada en R/ Tierno Galván, parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2020/136).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por C.J.R.R. para cambio ventás en vivenda situada en R/ Condes de Andrade, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2020/142).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por M.I.F.L. para pintura en fachada vivenda situada na Avd. Rueiro, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2020/143).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por J.J.B.N. para substitución de valado e pavimento na terraza da vivenda situada na R/ Ramón Maseda Reinante (exp. UAU/2020/144).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por CARPINTERIA METALICA ALUMAN, S.L. para illamento acústico na vivenda situada en R/ Rafael Dieste 6, parroquia de Almeiras, (exp. UAU/2020/157).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por M.A.F.R. para a reforma cuberta dunha vivenda situada en Celas de Arriba, parroquia de Celas, (Exp. UAU/2020/174).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por J.C.R.A. para substitución de material de cuberta no edificio situado en R/ Fonte da Balsa, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2020/179).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 08 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por CARPINTERIA METALICA ALUMAN, S.L. para obras de illamento acústico na vivenda unifamiliar situada en Avd. Ribados, parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2020/158).

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I01GJ	USG/2021/56
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y6A 411A 6G4X 664Q 0OCW	

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 08 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por P.C.C. para obras de acondicionamento de fachada da vivenda unifamiliar situada en R/ Bosque, parroquia de Rutis, (Exp. UAU/2020/182).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 08 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por E.A.R. para construción dun peche de 100 ml y 1,50 m/a, nunha parcela situada no lugar de Laxe, parroquia de Rutis, (Exp. UAU/2020/189).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 08 de marzo de 2021, a comunicación previa presentada por J.L.C. para reforma de aseos local situado en R/ das Brañas, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2020/195)."

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

MARTES 23 DE MARZO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Teatro do Noroeste: *As virxes salvaxes*.

Público adulto. Entrada gratuíta. Aforo limitado. Uso obrigatorio de mascariña. Reserva de asentos no teléfono 981665597.

VENRES 26 DE MARZO

Cullerchef na casa, con Olga Rodríguez.

Nas redes sociais do Concello de Culleredo.

VENRES 26 DE MARZO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Celebración do Día Internacional do Teatro.

Compañía Elefante Elegante: *Dreaming Juliet*.

Coprodúce o Concello de Culleredo.

Ao rematar a representación, haberá un coloquio co elenco da obra, en conmemoración do Día Internacional do Teatro.

Público a partir de 12 anos. Entrada gratuíta. Aforo limitado. Uso obrigatorio de mascariña. Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597."

2.3.- SENTENZA 2/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 85/2019.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 2/2021, do 12 de xaneiro de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña, Procedemento Ordinario 85/2019, en cuxo fallo di:

"Desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por A.R.A.S., representado por la Procuradora Doña Mónica Vázquez Couceiro, frente a la Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, representada y bajo la dirección de la Abogada de la Xunta de Galicia, Doña Olalla Flóres Fernández y, siendo codemandado el Concello de Culleredo representado y bajo la dirección de la Letrada, Doña Mª de las Nieves Fuentes Bermejo, contra la resolución del Director de la Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de fecha 8 de febrero de 2019, desestimatoria del recurso de reposición interpuesto contra la previa resolución del Director de la Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de fecha 28 de septiembre de 2017, con imposición de costas al recurrente, en los términos del último fundamento de derecho."

2.4.- AUTO DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 5 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 974/2019-J.

4 de 5

Código do documento	Código do expediente
USG15I01GJ	USG/2021/56
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y6A 411A 6G4X 664Q 0OCW	

O Sr. alcalde dá conta á Xunta e Goberno Local do auto, do 2 de febreiro de 2021, do Xulgado do Social núm. 5 da Coruña, Procedemento Ordinario 974/2019-J, cuxa parte dispositiva dispón: ter por desistido a L.E.P.T. da súa demanda fronte ao Concello de Culleredo.

2.5.- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO EXECUCIÓN PROVISIONAL 1/2021 PROCEDEMENTO ORDINARIO 123/2017.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta e Goberno Local do auto do 10 de marzo de 2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, en cuxa parte dispositiva acorda:

- “1. Ordenar la ejecución provisional de la sentencia dictada en el Procedimiento Ordinario nº 123/17 de este Juzgado.
2. Requerir al Concello de Culleredo a fin de que en el plazo de SESENTA DÍAS proceda a efectuar una nueva liquidación del contrato de construcción y explotación del Centro Logístico de Transportes de Culleredo, conforme al fallo de la sentencia cuya ejecución provisional se solicita.”

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta e un minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H